

**CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN**

Expediente Nº: 53/142

ASUNTO: INFORME SOBRE OS PLANS ORZAMENTARIOS DE MEDIO PRAZO**PERÍODO: 2019-2021 MARCO ORZAMENTARIO****MINISTERIO: HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA****PRAZO LÍMITE DE REMISIÓN: 15/03/2018**

En cumprimento do previsto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, as Administracións Públicas elaborarán un plan orzamentario a medio prazo, no que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos seguintes:

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Cumprimento co obxectivo de sustentabilidade financeira, que ten a súa expoñente no coeficiente de débeda pública.

Cumprimento co obxectivo de sustentabilidade da débeda comercial.

Cumprimento coa regra de gasto de acordo á evolución da taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto da economía Española.

Así mesmo, este marco servirá para dar cumprimento ao requirimento previsto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, sobre as liñas fundamentais do Orzamento que serán remitidas antes do 15 de setembro de cada ano.

O período que conterá o marco, ten que abarcar tamén a previsión de Liquidación do ano precedente, neste caso, a do orzamento do ano 2018.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 1 de 21

Expediente 53/142

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN**

Expediente Nº: 53/142

I.- PRAZO E CONTIDO MÍNIMO DO PLAN

- Os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra de gasto das respectivas Administracións Públicas.
- As proxeccións das principais conceptos de ingresos e aplicacións de gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.
- Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.
- Unha avaliación de como as medidas previstas poden afectar á sustentabilidade a longo prazo das finanzas públicas.
- A información sobre os pasivos continxentes, como son as garantías públicas e préstamos morosos, que poidan incidir de maneira significativa nos orzamentos público.
- O período mínimo é de tres anos

II.- LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 2 de 21

Expediente 53/142

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

III.- DETALLE DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO

- As proxeccións dos conceptos de ingresos e aplicacións de gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.
- Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.

O Ministerio de Facenda e Función Pública, está a requirir que antes do día 15/03/2018, por ser este o último día que está aberta plataforma, se faga a remisión da información sobre os marcos orzamentarios para o período 2019-2021, seguindo os criterios establecidos na Guía editada ao efecto que figura na páxina web do MINHFP.

O artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificado polo artigo Único. 2 da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece a condición que a mesma obriga a todos os entes que conforma o Sector público, cuxo perímetro defínese máis abaixo.

O artigo 6 da Orde, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa información sobre o obxectivo de estabilidade



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 3 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de:

- Entidade local principal .
- Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal.
- Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Os entes que conforman o perímetro de consolidación tomaranse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local.

O Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuorios. Inicialmente, existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partir de liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica crease o 27/09/2001. A participación é consecuencia da transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo o orzamento da Entidade Local.

Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 4 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN**

Expediente Nº: 53/142

participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

A participación no Consorcio Casco Vello de Vigo é minoritaria, representa o 10% da totalidade das achegas.

En consecuencia co anterior, as devanditas sociedades e o CCVV, non forman parte do perímetro de consolidación.

O perímetro de Consolidación establecido polo MINHAP para o Concello de Vigo, queda limitado á Entidade Local, ao Organismo Autónomos Administrativo e a Fundación MARCO, xa que a Fundación FAIMEVI, formando parte do perímetro non ten Orzamento aprobado por estar en fase de Liquidación.

Entidade Local

Xerencia Municipal de Urbanismo

Fundación MARCO

IV.- TAXA DE REFERENCIA DE CRECEMENTO DA ECONOMÍA ESPAÑOLA.

De acordo co artigo 15.5 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, correspóndelle ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade elaborar periodicamente un informe de situación da economía española.

O Devandito informe conterá, entre outras informacións, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, que limitará a variación do gasto das Administracións Públicas.

Os acordos adoptados sobre o cumprimento das regras fiscais foron os seguintes:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 5 de 21

Expediente 53/142

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

Consello de Ministros, sesión do 7 de xullo de 2017.

Congreso dos Deputados, Pleno do 11 de xullo de 2017.

Senado, Pleno do 12 de xullo de 2017.

Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento. % sobre PIB			
Subsectores	2018	2019	2020
Administración Central	-0.70%	-0.30%	0.00%
Seguridade Social	-1.10%	-0.90%	-0.50%
Comunidades Autónomas	-0.40%	-0.10%	0.00%
Entidades Locais	0.00%	0.00%	0.00%
Total	-2.20%	-1.30%	-0.50%

Débeda segundo Protocolo de Déficit Excesivo. % sobre PIB			
Subsectores	2018	2019	2020
Administración Central e Seguridade Social	70.80%	69.50%	67.60%
Comunidades Autónomas	24.10%	23.30%	22.40%
Entidades Locais	2.70%	2.60%	2.50%
Total	97.60%	95.40%	92.50%

Taxa de Referencia de crecemento de medio prazo do PIB da Economía Española (TRCPIB)			
Subsector	2018	2019	2020
Entidades Locais	2.40%	2.70%	2.80%

V.- ORZAMENTO DE PARTIDA AOS EFECTOS DE FIXAR O MARCO ORZAMENTARIO



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 6 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

Ao obxecto de dar cumprimento á información solicitada en relación cos marcos orzamentarios para o período 2019-2021, pártase da situación da Liquidación Orzamentaria do ano 2017, aprobada polo Sr. Alcalde Presidente por Resolución de data 15/02/2018, da que se deu conta ao Pleno do Concello en sesión do 28/02/2018. Os límites orzamentarios para o ano 2018 están calculados sempre dentro das variacións da TRCPIB, para o ano 2018, 2,40%, 2019, 2,70%, 2020, 2,80% e 2021, proxéctase coa mesma porcentaxe ca prevista para o ano 2020, 2,80%.

En todo caso, en relación coa Regra de Gasto, a redacción actual da orde HAP/ 2105/2012, de 1 de outubro, pola modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, o cumprimento da Regra de Gasto non se require na aprobación do Orzamento. Tampouco se aplica a avaliación da porcentaxe de inexecución por capítulos.

Coa excepción tendencial do gasto e dos ingresos, non se adoptaron a esta data, decisión algunha que supoña un aumento ou redución do gasto, nin reaxuste de servizos. As variacións contidas neste marco, teñen causa nas directrices que forman parte do expediente dadas polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda.

En relación ás modificacións que se materialicen en determinadas competencias que poden ser obxecto de variación pola modificación do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por aplicación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, e Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes operadas pola entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, na que se establece que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos. En consecuencia coa normativa citada, non hai maiores cargas orzamentarias en relación con novos servizos, estando reflectidas todas as obrigas que se estiman van xurdir da execución das competencias en vigor, amosándose a variación interanual.

VI.- COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DOS MARCOS ORZAMENTARIOS.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 7 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, será aprobado por la Xunta de Goberno Local e someterase a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

En consecuencia, é o Alcalde-Presidente da Corporación quen debe fixar os límites dos orzamentos dentro da TRCPiB, todo elo sen prexuízo da competencia do Pleno da Corporación para aprobar os Orzamentos anuais formados e propostos polo Alcalde-Presidente.

En execución dese mandato legal, elaborouse o marco orzamentario que agora vai ser sometido á aprobación. Polo tanto, sométese á decisión do Sr. Presidente da Corporación, a aprobación para a súa remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública, os marcos orzamentarios correspondentes ao período 2019-2021, sen prexuízo dos axustes que se fagan ano a ano en función das necesidades que xurdan.

VII.- CRITERIOS TIDOS EN CONTA PARA A FORMACIÓN DOS MARCOS ORZAMENTARIOS

Para o ano 2018, o Marco Orzamentario vai a reflectir os estados de liquidación previstos. En relación cos anos 2019-2021, estase a avaliar as previsións iniciais tanto no estado de gastos como no de ingresos, sobre os que se fan os axustes tanto en termos de inexecución como de recadación fronte a dereitos recoñecidos netos. En todo caso, sempre son maiores ou iguais os dereitos liquidados que as obrigas recoñecidas, o que suporá un equilibrio ou un superávit, sempre e cando este estea calculado en termos do SEC 2010, Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (fanse axustes en relación coa recadación).

Tendo en conta o anterior, no formulario F.2.3, fanse os axustes correspondentes entre os dereitos recoñecidos e a recadación prevista para



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 8 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE



**CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN**

Expediente Nº: 53/142

os capítulos I, II e III. Na análise tómanse en consideración os dous últimos anos, tendo en conta a recadación do orzamento corrente e os da agrupación de pechados.

Os axustes de recadación tan só afectan á Liquidación do ano 2018, xa que para o marco orzamentario (2019-2021), a serie histórica amosa que a recadación do Orzamento corrente máis a de exercicios pechados, supera a previsión inicial de ingresos, polo que non se fan axustes.

Os axustes de ingresos que se fan no período do marco Orzamentario, alcanzan aos pagos por compensación que reflicten os formularios do MINHFP polas retencións correspondentes á Liquidación negativa da Cesión de Impostos e FCF dos anos 2008-2009.

En relación cos anos 2019-2021, non se fan axustes de recadación dos capítulos I a III, tampouco se fan axustes de inexecución, fundamentado en que os créditos definitivos serán maiores que os iniciais, as previsións tanto no estado de ingresos como no de gastos, terán a súa orixe na Liquidación prevista para o ano 2018.

Tendo en conta as directrices achegadas para a formación do Marco Orzamentario, os criterios que se tiveron en conta para a variación do gasto, teñen a súa base de cálculo, na plantilla efectiva, nos contratos de servizos, na xestión dos servizos públicos, nos gastos operativos e de funcionamento, nos de mantemento, nas transferencias ao transporte público, plans de emprego, investimentos necesarios, etc.

Para os ingresos, a análise de partida ten a súa orixe na Liquidación do ano 2017 e a avaliación previa dos ingresos liquidados previstos para ano 2018.

En canto a previsión de liquidación do ano 2018, están avaliados tendo en conta a corrente tendencial dos últimos anos e o contexto actual, de aí, que se manteñan practicamente estables, coa excepción tendencial nalgúns dos ingresos que queda amosada na estrutura e cuantificación dos mesmos que avaliou a Sra. Directora de Ingresos para a formación do proxecto orzamentos do ano 2018.

A variación do gasto e a proxección das obrigas recoñecidas do orzamento ao período 2019-2021, está a respectar a TRCPIB, polo tanto, en



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 9 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

ningún caso a variación non só non excede esa marxe, senón que se mantén por debaixo, baseando a variación sempre sobre a Liquidación do Orzamento do ano 2017 e a previsión de Liquidación do ano 2018.

Os estados de información que se enviarán ao MINHFP engloba o período correspondente ao 2018-2021.

VIII.- ESTADO DE GASTOS

Capítulo I

Os Gastos do capítulo I, para o ano 2018 tivo unha previsión inicial de crecemento do 1%, (que non se está a aplicar ata que a Lei Xeral de Orzamentos do Estado ou calquera outra norma o permita). A execución en termos de liquidación estímase nun 92% das dotacións.

Polo que se refire á plantilla, o Concello de Vigo ten, segundo os datos incorporados pola área de Recursos Humanos e Formación para a formación do Orzamento do ano 2018, un total de 1.457 postos de traballo, dos que 294 atópanse vacantes (o 20,17%).

En canto aos anos 2019-2021, como a información hai que avaliála en termos de previsión inicial non de execución, tomouse como base de cálculo as previsións iniciais do ano 2018, e sobre a mesma, aplícase un crecemento do 1,5%, previsión sostida nos termos das negociacións que ven mantendo o Ministerio coas Centrais Sindicais. Esta previsión de crecemento, non está fundamentada nun crecemento da plantilla, senón nunha previsión de actualización das retribucións mediante a Lei dos Orzamentos Xerais do Estado para ese período, de non acontecer esa actualización, a plantilla manterase nos termos actuais.

Engádesse a esa porcentaxe os gastos da Fundación MARCO correspondentes ao capítulo de persoal.

Capítulo II



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 10 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

O capítulo II do ano 2018 está calculado en termos de liquidación, polo que, as obrigas previstas son inferiores que as inicialmente orzamentadas, sendo as previsións de execución dun 95%, tendo en conta a baixa no proceso de licitación dos contratos de Limpeza Viaria, RSU, Contedores e papelreira e Recollida Selectiva. Así mesmo, a entrada en vigor da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, supón a adaptación dos instrumentos de contratación, polo que neste primeiro ano vai ter efectos sobre a execución do gasto. En relación co período 2019-2021, avalíase en termos de gasto inicialmente previsto, polo que, tomando como referencia os créditos iniciais do orzamento consolidado do ano 2018, aplícase una variación tendencial neta do 1,00% anual. Nos estados de referencia reflíctese o gasto da Fundación MARCO. En relación coa Entidade e OO.AA, non hai novos servizos que supoñan unha alteración cuantitativa, senón que se se aumenta algún gasto é a costa de diminuír outro como fonte compensatoria de financiamento (pay-go).

Engádense na estimación de gasto, aqueles que teñen a consideración de gasto corrente e que teñen a súa orixe na Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Presupostos y Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Creceemento Sostible 2014-2020, efectuada pola Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro. A estes efectos, avalíase a primeira anualidade no ano 2018, e terán a súa repercusión nos anos 2019 e 2020.

Para o período 2019-2021, a xustificación da contención do gasto, ten a súa orixe na nula variación que experimentan os contratos pola aplicación do Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Na previsión da execución correspondente ao ano 2018, non se engaden modificacións orzamentarias por non terse coñecemento de continxencia algunha que poida modificar significativamente as previsións de peche.

Capítulo IV



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 11 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

Nas previsións feitas, estanse a manter a transferencia as Fundacións, as dotacións as políticas de emprego, axudas para alimentos, axudas á carencia enerxética, axudas para alugueiros, becas e libros de comedor, subvencións ao deporte, axudas aos usuarios do Transporte urbano colectivo, comedores sociais, etc, é dicir, a estrutura vixente do ano 2018 é a proxectada para o marco orzamentario.

Está engadido neste capítulo as achegas da Excm. Deputación de Pontevedra para o plan de axuda ao fomento turístico.

Ao tratarse de estados consolidados, están eliminadas as transferencias internas entre o Concello e o OA. Xerencia Municipal de Urbanismo e a que fai o Organismo ao Concello. Do mesmo xeito, elimínase a transferencia corrente que fai ao MARCO, xa que está incluída dentro do perímetro de consolidación aos efectos do SEC-2010, Regulamento (UE) nº 549/2013.

Proxección de variación prevista, 0,5% anual.

Capítulo V.- Fondo de continxencia. Sin variación

Capítulo VI

O capítulo de investimentos, ademais do financiamento propio, ten previsto o cofinanciamento doutras administracións.

Ademais, na previsión da execución do Orzamento do ano 2018, está engadida a incorporación de remanentes que afecta a este capítulo por unha contía de 15.430.129,60 euros.

En relación coa porcentaxe de execución dos créditos definitivos, espérase que cheguen a fase de recoñecemento da obriga unha porcentaxe do 66%-70%.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 12 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN**

Expediente Nº: 53/142

Para o ano 2019, entre os investimentos que van a ser financiados con acordos de cofinanciamento doutras administracións, destacamos os seguintes:

Achega que ten que facer a Excma. Deputación de Pontevedra en cumprimento dos convenios asinados con anualidade no ano 2019 por 6.676.257,03 euros.

FEDER, Programa EDISI, anualidade 2019, 2.764.381,69 euros.

Ministerio de Fomento pola anualidade do túnel de acceso á Estación do AVE, 635.258,25 euros.

En relación co financiamento propio, a contía é similar a prevista no orzamento do ano 2018, 17,5 millóns de euros.

Estase a tomar a información sobre a base do Plan de Investimento Financiamiento 2018-2021 (PAIF). Os investimentos de cada un dos exercicios do Marco Orzamentarios, van a estar condicionados pola execución, polo que si algún dos proxectos previstos para o ano 2018, non chegase a fase de adjudicación, e teñen financiamento afectado na súa totalidade ou en parte, habería que volvero a orzamentar no ano 2019. O mesmo criterio se aplicaría para o ano 2019, 2020 e 2021.

IX.- INGRESOS

Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 13 de 21

Expediente 53/142

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

As previsión no estado de ingresos, en canto a contía da cesión dos Tributos do Estado que veñen representados pola cesión do IRPF, IVE e II.EE, así como o Fondo Complementario de Financiamento (FCF), para para o período 2019-2021, vaise manter o mesmo criterio que o previsto para o ano 2018, unha variación do 1%, as previsións do PIB non prevén unha diminución na recadación dos tributos do Estado, sendo a recadación do ano 2017 dos Tributos do Estado superior a inicialmente prevista. Ademais, hai que ter en conta que as variacións que se teñen que producir no sistema de financiamento das E.E.LL, en ningún caso vai a aportar menos recursos que o sistema actual, polo tanto: a previsión dun crecemento dun 1% no ano 2019, un 1% para o ano 2020 e 1% para o ano 2021 é razoable, moi inferior que a TRCPIB que é a seguinte: ano 2019 un 2,7%, 2020 un 2,8%. Para o ano 2021 no está aprobada a TRCPIB, aínda que non é probable que sexa inferior ca do ano 2020, polo que se está a aplicar a mesma TRCPIB que a prevista para o ano 2020, un 2,8%.

En relación cos ingresos propios, non se prevé unha variación dos mesmos, máis aló da taxa de variación natural dos índices específicos que lle sexan de aplicación nas ordenanzas reguladoras, polo que se vai a aplicar o 1%. En relación cos tributos propios (IBI, IAE, IVTM, IIVTNU e ICIO), a base de cálculo é a prevista no Orzamento do ano 2018.

A variación do capítulo III, tamén se prevé na mesma porcentaxe.

No capítulo VII, vanse reflectir os acordos e convenios vixentes:

Excma. Deputación de Pontevedra en cumprimento dos convenios asinados con anualidade no ano 2019 por 6.676.257,03 euros.

FEDER, Programa EDISI, anualidade 2019, 2.764.381,69 euros.

Ministerio de Fomento pola anualidade do túnel de acceso á Estación do AVE, 635.258,25 euros.

Os datos que se amosan nas táboas correspondentes ao ano 2019, son o resultado da consolidación do marco orzamentario do ano 2019 en relación coa Liquidación do ano 2017 e o orzamento aprobado para o ano 2018 e as previsións de Liquidación do Orzamento do ano 2018. Os



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 14 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

distintos capítulos son o resultado da suma da Entidade Local, o seu Organismo Autónomo XMU e a Fundación MARCO, deducindo as transferencias correntes e de capital que se producen entre a Entidade e o OO.AA e entre este e a Entidade Local así como a da Fundación MARCO.

En aplicación da guía do MINHFP, para o ano 2018, os datos a reflectir son os da Liquidación previsible, mentres que para o período 2019-2021, se reflectirá as previsións do orzamento inicial.

X.- Axustes

No ano 2018, como os datos reflecte a previsible liquidación, faise o axuste de recadación e a compensación pola Liquidación negativa no FCF e Cesión de Impostos dos anos 2008-2009.

Como consecuencia do anterior, o axuste que se vai a facer no período 2019-2021 aos efectos de estabilidade orzamentaria, correspóndese coa compensación que está a facer o MINHFP en relación coas Liquidacións do IRPF, IVE, II.EE e FCF dos anos 2008 e 2009 e as entregas a conta realizadas nos devanditos períodos.

Non se consideran outros axustes aos efectos do cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, xa que as previsións iniciais de ingresos nos capítulos I a III, son o resultado da recadación do exercicio corrente e pechados, de aí, que non se faga un axuste na recadación en relación coas previsións iniciais, sendo a recadación definitiva de exercicios correntes e pechados por unha contía superior que as previsións iniciais.

Nos restantes capítulos, as liquidacións nos capítulos IV e VII, prodúcese cando se cumpre o compromiso, é dicir, cando hai recoñecemento



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 15 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

da obrigas do gasto elixible, polo que, nestes capítulos non hai axustes.

Estado de gasto consolidados

Capítulos	Liqui. 2018	%Variación	Previ. Inic. 2019	%Variación	Previ. Inic. 2020	%Variación	Previ. Inic. 2021
A) Detalle Gasto Corrente N.F							
1	64.538.023,00		70.757.785,00		71.819.151,00		72.896.439,00
2	116.929.972,00		122.907.819,00		123.522.358,00		124.139.970,00
3	,00		3.000,00		3.000,00		3.000,00
4	26.363.482,00		27.635.314,00		27.773.490,00		27.912.358,00
5	600.000,00		600.000,00		600.000,00		600.000,00
Total G. Corrente N. Financeiro	208.431.477,00	6,46%	221.903.918,00	0,82%	223.717.999,00	0,82%	225.551.767,00
B) Detalle Gastos capital Financ.							
VI	31.444.460,00		26.550.000,00		22.000.000,00		22.000.000,00
VII	1.650.000,00		950.000,00		950.000,00		950.000,00
Gasto capital NF	33.094.460,00		27.500.000,00		22.950.000,00		22.950.000,00
Total Gasto N. Financeiro	241.525.937,00	3,26%	249.403.918,00	-1,10%	246.667.999,00	0,74%	248.501.767,00
C) Detalle Gastos Capital Financ.							
VIII	646.000,00		646.000,00		646.000,00		646.000,00
IX							
Total Gasto Financeiro	646.000,00		646.000,00		646.000,00		646.000,00
Total Orzamento	242.171.937,00	3,25%	250.049.918,00	-1,09%	247.313.999,00	0,74%	249.147.767,00

Estado de ingresos consolidados



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 16 de 21

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

Capítulos	Previsión Liqui. 2018	%Variación	Prev. Inicial 2019	%Variación	Prev. Inicial 2020	%Variación	Prev. Inicial 2021
A) Detalle de ingresos correntes							
I e II	118.417.922,00		119.041.501,00		120.145.916,00		121.124.681,00
IBI	69.300.000,00		68.518.400,00		69.203.584,00		69.895.619,00
IAE	13.400.000,00		13.534.000,00		13.669.340,00		13.669.340,00
IVTM	14.550.000,00		14.695.500,00		14.842.455,00		14.990.880,00
IVTNU	6.400.000,00		6.400.000,00		6.400.000,00		6.400.000,00
ICIO	2.200.000,00		2.200.000,00		2.200.000,00		2.200.000,00
Cesión Tributos Estado	12.567.922,00		13.693.601,00		13.830.537,00		13.968.842,00
III, taxas e outros ingresos	43.946.900,00		41.210.562,00		41.622.668,00		42.038.894,00
IV, T. correntes	78.400.000,00		76.551.855,00		77.317.373,00		78.068.711,00
FCF	63.700.000,00		64.711.034,00		65.358.144,00		66.011.725,00
Resto transferencias e subvencións	14.700.000,00		11.840.821,00		11.959.229,00		12.056.986,00
V, ingresos patrimoniais	2.000.000,00		2.400.000,00		2.400.000,00		2.400.000,00
Total I. Corrente N. Financeiros	242.764.822,00	-1,47%	239.203.918,00	0,95%	241.485.957,00	0,89%	243.632.286,00
B) Detalle Ingresos Capital N.F							
VI	,00						
VII, Subv. De capital	9.400.000,00		10.200.000,00		5.182.042,00		4.869.481,00
Ingresos capital NF	9.400.000,00		10.200.000,00		5.182.042,00		4.869.481,00
Total Ingresos N. Financeiros	252.164.822,00	-1,09%	249.403.918,00	-1,10%	246.667.999,00	0,74%	248.501.767,00
C) Detalle Ingresos Financeiros							
VIII	646.000,00		646.000,00		646.000,00		646.000,00
IX	,00		,00		,00		,00
Total Ingreso Financeiro	646.000,00		646.000,00		646.000,00		646.000,00
Total Orzamento	252.810.822,00	-1,09%	250.049.918,00	-1,10%	247.313.999,00	0,74%	249.147.767,00



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 17 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

Capacidade/Necesidade de financiamento e Débeda viva

Conceptos	2018	Variación	2019	Variación	2020	Variación	2021
Saldo operacións correntes N.F	34.333.345,00		17.300.000,00		17.767.958,00		18.080.519,00
Saldo operacións capital N.F	-23.694.460,00		-17.300.000,00		-17.767.958,00		-18.080.519,00
Saldo operacións non financeiras	10.638.885,00		,00		,00		,00
(+/-) axustes, SEC-2010	-2.974.168,00 ¹		2.654.066,52 ²		2.654.066,52		2.654.066,52
Capacidade (+) / Necesidade (-)	7.664.717,00		2.654.066,52		2.654.066,52		2.654.066,52
Débeda viva a 31/12	,00		,00		,00		,00
A curto prazo	,00		,00		,00		,00
A longo prazo	,00		,00		,00		,00
Ratio Débeda viva/ Ing. Corrt.consolidados	,00	0,00%	,00	0,00%	,00	0,00%	,00

XI.- RESUME

As previsións de gastos para o período 2019-2021, suxeitáronse á TRCPIB e as variacións tendencias, avaliando en cada caso, os convenios asinados e as achegas doutras administracións.

Sobre os créditos iniciais do capítulo 1, dotación obrigatoria para dar cobertura orzamentaria a todas os postos que conforman a RPT, aos

- 1 Axustes positivos: Polas compensacións das liquidacións da Participación en Tributos del Estado dos anos 2008 e 2009, 2.654.066,52. Por axuste de menor saldo da conta 413, 735.393 euros.
Axustes negativos: Diferencia entre dereitos recoñecidos e recadación de corrente e pechados: Capítulo 1, 2.839.798, Capítulo 2, 30.493, Capítulo 3, 3.493.336 euros.
- 2 Axustes positivos: Polas compensacións das liquidacións da Participación en Tributos del Estado dos anos 2008 e 2009, 2.654.066,52



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 18 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

efectos do cumprimento da regra fiscal de gasto, se procedería a facer o axuste de inexecución polas vacantes non asociadas a ningunha OEP, polo que este capítulo terá un axuste importante en relación cos créditos iniciais, se prevé unha execución do 92-93%.

O mesmo criterio é aplicable ao capítulos 2, é obrigatorio facer as dotacións orzamentarias axeitadas aos efectos de autorización e compromiso de gasto, de tal xeito que para licitar, é necesario ter unha dotación suficiente para a totalidade do gasto inicialmente autorizado para o ano. No entanto o anterior, en aplicación do Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010) e da Regra Fiscal de Gasto regulada na Lei Orgánica 2/2012, o gasto computable é en termos de obrigas recoñecidas.

A execución esperado nos termos do SEC-2010, prevese nun 95%.

Para o capítulo 4, as obrigas previstas computables, estarán arredor do 96,5%.

Para o capítulo 6, tendo en conta a incorporación de remanentes, o índice de execución imputable ao ano, será próximo ao 65%.

Consecuencia do anterior, as diferencias entre as dotacións iniciais e a contía das obrigas recoñecidas, son as inexecucións. Estes axustes son os que en termos previsionais, permiten avaliar o cumprimento da Regra de gasto no procedemento de aprobación do orzamento.

Ás inexecucións hai que engadir os axustes SEC, que tendo en conta a contía de financiamento afectado, as previsións son as seguintes:

Investimentos financeiramente sostibles:	9,1 millóns.
Cofinanciamento Excma. Deputación de Pontevedra:	4,6 millóns.
UE, FEDER, fondos DUSI:	4,5 millóns.
Comunidade Autónoma, Xunta de Galicia:	4,1 millóns.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 19 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 53/142

Administración Central:

1,8 millóns.

Achegas a Fundacións Locais:

0,9 millóns.

Achegas doutras Administracións a XMU:

0,3 millóns

En fase de liquidación do orzamento, xa non cabe falar de axustes por inexecucións, o gasto máximo do ano non pode superar o correspondente á Liquidación do ano precedente multiplicado pola TRCPIB, cos axustes que en cada caso procedan.

O marco orzamentario de medio prazo, está formado con cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de regra de gasto, de sostibilidade da débeda financeira e de débeda comercial.

En canto á variación dos gastos de persoal, o crecemento do 1,5%, só será aplicable se as Leis dos Orzamentos Xerais do Estado ou outra norma para cada ano posibilitan a revisión. En canto a Taxa de Reposición de Efectivos, non vai ter incidencia na contía das previsións, xa que nas dotacións están previstas todos os postos vacantes, polo tanto, as execucións das Ofertas de Emprego Público non suporá aumento nas previsións do gasto.

Sobre as previsións de investimento, teñen a súa orixe na capacidade de aforro, é dicir, financiamento propio máis os convenios vixentes coa Excm. Deputación de Pontevedra, co Ministerio de Fomento e co FEDER polo Programa DUSI, este capítulo está a reflectir, con algún axuste o contido do PAIF para eses anos.

En relación coa variación dos ingresos propios, a variación que se prevé é incluso menor que a que se ten materializado en anos precedentes.

Nas previsións dos ingresos pola cesión de Impostos e FCF a variación do 1%. Pola PICA, mantense a mesma contía que a de anos



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 20 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO/INTERVENCIÓN**

Expediente Nº: 53/142

precedentes. Segundo as cifras provisionais do MINHFP, a recadación creceu un 6,3%. En consecuencia, co esta información, a previsión de crecemento do 1%, está xustificada. Todo elo sen ter en conta que está en proceso de revisión do modelo, polo que é de esperar que haxa melloras cunha porcentaxe maior.

No marco orzamentario para o período 2019-2021, en canto as previsións de ingresos, ten un carácter conservador, mentres que no estado de gastos, adoptouse como sempre, o criterio de maior cobertura.

Estes son os Plans orzamentarios de medio prazo elaborado para o período 2019-2021, que serán enviados ao MINHFP para dar cumprimento ao requirimento dos mesmos antes do día 15/03/2018.

Darase conta ao Pleno da Corporación da Resolución adoptada pola Alcaldía.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O responsable superior contable e orzamentario (Resolución de data 25/02/2016): Luis García Álvarez

Fiscalización de conformidade, O Interventor Xeral Municipal : Alberto Escariz Couso



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 53/142

Data impresión: 16/04/2018 08:38

Páxina 21 de 21

CSV: 28ED4-2DA23-4DEB8-388DE

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>